



Dibujo productDirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación
Educativa
Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia

Programación da disciplina

Nome do centro: EASD MESTRE MATEO. SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Titulación: ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO DE PRODUTO.

Materia: DEBUXO ARTÍSTICO E COR.

Disciplina:

Curso: 1º

Carácter: TEÓRICO-PRÁCTICO.

Tipo:

Docente: JUAN CARLOS VILLAVERDE TRONCOSO.

Ano académico: 2020-21.



Índice

1	Identificación e contextualización	3
2	Organización dos contidos	3
3	Avaliación	4
	3.1 Criterios de avaliación	4
	3.2 Procedemento	4
	3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación	4
	3.4 Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación	4
	3.5 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais	4
4	Metodoloxía, recursos e actividades complementarias	4



Identificación e contextualización

Idiomas	Galego e castelán
Departamento	Deseño de produto
Profesor/a	Juan Carlos Villaverde Troncoso
Correo electrónico	juandibujo2018@gmail.com
Web	
Créditos ECTS	Distribución horaria dos créditos ECTS: Horas totais: Horas de clase semanais: 5 horas Horas de clase no curso: 180 horas Horas de traballo non presencial: 50 horas Horas titorías: 2 horas
Horario	Horario de clase semanal: Grupo A. Martes de 9:00 a 12:20h e mércores de 9:00 a 11h. Grupo B. Luns de 9:00 a 11h e xoves de 11:20 a 14:20h Horario de titorías: Luns de 13:20 a 14:20h Mércores 12:20 a 13:20h
Descritores	

Organización dos contidos

BT	Bloque temático/contidos	Actividades	Temporalización	Calendario
1	Medios e técnicas gráfico-plásticas	<p>Materiais: mostrouse o alumnado as características de cada un e o uso correcto dos mesmos.</p> <p>Útiles: o mesmo, añadiendo a conservación dos mesmos e as precaucións a tomar en caso de que sexa posible algún risco no seu uso.</p> <p>Mostrouse o alumnado a utilización dos diversos útiles ou medios sobre os distintos materiais, mostrando así a utilidade específica dos mesmos.</p> <p>Animouse á experimentación sobre os mesmos e a extracción de conclusións sobre o uso máis adecuado.</p> <p>Fomentáronse os criterios de optimización e reciclado de medios e materiais como valores na creación artística.</p>	18 hora, das cauais 3 son de teoría.	Setembro-outubro





2	Elementos da linguaxe gráfica	<p>Experimentar sobre a cantidade e a calidade dos puntos variando o soporte, os útiles e medios usados.</p> <p>Practicar o trazo de liñas variando tamén o soporte, os útiles e medios usados.</p> <p>Realizar composicións con puntos e con liñas seguindo criterios sinxelos de orden, simetría, repetición, etc...</p> <p>Realizar mediante liñas debuxos da estrutura esencial de obxectos artificiais do entorno urbano ou doméstico, baixo un concepto de síntese xeométrica incluíndo, por transparencia as liñas ocultas significativas.</p> <p>Fomentaranse os criterios de optimización e reciclados de medios e materiais como valores na creación artística.</p>	18 horas, das cauais 3 son de teoría.	Outubro-novembro
3		<p>Realización de diversos encaixes ou bocexos sobre modelos relacionados coa especialidade de deseño de produto.</p> <p>Estudio dos mecanismos de interrelación e de análise, así como as relacións xeométricas intrínsecas e afinidades coas formas naturais e industriais.</p> <p>Práctica na creación de tensións e equilibrios de masas con carácter artístico. As relacións entre os volumes poden ser organizadas intencionadamente no acto da composición).</p> <p>Fomento dos criterios de optimización e reciclados de medios e materiais como valores na creación artística.</p>	18 horas das cauais 3 son de teoría.	Novembro-décembro.
4	Percepción de formas	<p>Realización de diversos bocexos para o estudo da forma sobre modelos relacionados coa especialidade de deseño de produto.</p> <p>Profundizar na concepción espacial da forma, a través de exercicios que poñen en evidencia os elementos tridimensionais.</p> <p>Realizar composicións mediante diversos volumes sinxelos organizados según criterios básicos para o estudo das súas masas.</p>	30 horas das cauais 8 son de teoría	Décembro-xaneiro
5	Percepción de relacións	<p>Experimentar lúdicamente o cambio de proporcións con diversos exercicios e técnicas libres.</p> <p>Practicar realizando debuxos de entidades nos que sexa determinante a relación ou medidas internas.</p> <p>Realizar composicións espaciais na que os obxectos estean proporcionados cos demais.</p>	30 horas das cauais 8 son de teoría.	Febreiro.





		Realizar mediante liñas debuxos da estrutura dos obxectos, baixo un concepto de síntese xeométrica incluíndo as liñas ocultas significativas.		
6	Percepción de relacións. A perspectiva.	Realización de diversas representacións gráficas no espazo de obxectos tridimensionais sinxelos con técnica libre. Empregar en varios exercicios os gradientes que axudan a representar a profundidade espacial. Estudo das relacións xeométricas intrínsecas e procesos básicos da perspectiva en diversos exercicios de representación no espazo de obxectos naturais e artificiais.	30 horas das cauais 8 son de teoría.	Marzo.
7	Percepción das luces e sombras.	A unidade desenrolouse sobre tres eixos fundamentais: Os exercicios que se propoñen oríentase a percepción dos valores lóxicos da luz: a luz incide sobre as formas crea claros e sombras dunha maneira lóxica e a aprender a súa representación. En segundo lugar orientáronse a aprender as diferencias de matices de claros e oscuros teñen un valor elevador e os oscuros baixos. A súa plasmazón mediante o uso de trazos discontinuos e tons continuos. Usar a luz como mecanismo para facer expresivas as súas imaxes. Os mecanismos para facer expresiva unha imaxe dependen do sentido no que se queira que se manifeste dita propiedade. As posibilidades emotivas dunha imaxe teñen clara dependencia dos recursos técnicos e da expresividade conseguida con eles.	18 horas das cauais 3 son de teoría.	Abril.
8	A cor.	Materiais: Mostrouse o alumnado as características da cada un e o uso correcto dos mesmos. Fichas de cada cor e as súas gradacións coa técnica elixida. Por ex: lápices de cores Experimentación sobre os mesmos e a extracción de conclusións sobre o uso máis adecuados dos mesmos. Fomentáronse os criterios de optimización e de reciclados de medios e materiais coma valores na creación artística.	18 horas das cauais 3 son de teoría.	Abril- maio.
9	A figura humana.	Realización de diversos estudos da figura humana (estudos de figura monocromáticos en	18 horas das cauais 3 son de teoría.	Maio.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

galicia

		<p>actitude dinámica, con iluminación contrastada atendendo a relación de proporcións e a expresividade de movementos)</p> <p>Estudio das relacións xeométricas intrínsecas e afinidades da figura humana coas formas animais.</p> <p>Profundización mediante exercicios no coñecemento dos elementos de configuración anatómicaas suas proporcións e os seus movementos.</p> <p>Practica na creación de tensións e equilibrios de masas con carácter artístico.</p> <p>Fomento dos criterios de optimización e reciclados de medios materiais coma valores na creación artística.</p>		
--	--	--	--	--



2.2 Adaptación á actual situación sanitaria por mor da COVID-19

– A organización xeral incorpora as **aprendizaxes imprescindibles** non adquiridas no curso anterior, especialmente motivadas pola situación de corentena acontecida desde o mes de marzo.

– Debido á situación sensible por motivos sanitarios deste curso, e para evitar masificacións nas aulas, na medida do posible priorizarase a actividade formativa **semipresencial** fronte á presencial, dando especial protagonismo á **aula virtual** e compatibilizando a presencialidade co uso de medios telemáticos (ver apartado Metodoloxía).

2.3 Adaptación a un posible escenario lectivo semipresencial

– No caso de que a situación sanitaria determine un escenario de **formación semipresencial**, adaptaranse os contidos e obxectivos para dar resposta ás aprendizaxes mínimas imprescindibles.

2.4 Adaptación a un posible escenario lectivo non presencial

– No caso de que a situación sanitaria determine un escenario de **formación non presencial**, adaptaranse os contidos e obxectivos para dar resposta ás aprendizaxes mínimas imprescindibles.



3. Avaliación

A avaliación das ensinanzas artísticas superiores é de carácter presencial e continuo, polo que o proceso de avaliación continua implica a asistencia regular as clases e realizar as probas teóricas ou prácticas que forman parte do currículo dos estudos nas datas sinaladas durante o curso.

O alumnado dispón de dous convocatorias por ano académico: unha ordinaria e outra extraordinaria.

O alumnado que asistindo regularmente non consiga superar a disciplina (5) terá a posibilidade de superala mediante a realización dunha proba final ou de segunda oportunidade no mes de maio-xuño.

A sistematización do seguimento debe basearse en aspectos e técnicas non so intuitivas senón tamén obxetivas e fiables como sexa posible. Os criterios de avaliación establecen o tipo e grado de aprendizaxe que se espera alcancen os alumnos respecto as capacidades indicadas anteriormente nas respectivas competencias da asignatura e a especialidade.

A avaliación se realizará ó longo de todo o proceso formativo do alumnado polo que terá carácter continuo. Por este motivo será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas.

O número de faltas que implica a perda de avaliación continua será do 20% respecto da súa duración total, con independencia de que sexan o non xustificadas e terá que intentar aprobar na proba final ordinaria de maio-xuño e de non superala poderá concurrir á convocatoria extraordinaria de xuño.

O profesor poderá non permitir a realización de determinadas actividades prácticas a aquel alumno que perda o dereito de avaliación continua, sempre que poda implicar algún tipo de riscos para si mesmos, para o resto do grupo ou as instalacións.

O alumnado que non se presentase as probas teóricas ou prácticas ó longo do curso, ou non entregase as probas prácticas nunha porcentaxe superior ó 70% do solicitado, salvo causa xustificada documentalmente, non poderá presentarse á proba final da avaliación ordinaria.

O alumnado realizará unha proba inicial para valorar o nivel de debuxo ó comenzo do curso e que será importante de cara a valorar a evolución no proceso de aprendizaxe e que consistirá en facer tres debuxos de encaixe en formato A3 partindo de modelos cunha composición modular de sólidos xeométricos.

Os criterios de avaliacións que se valorarán na nota final serán:





- Identificar os distintos soportes usados na especialidade de debuxo artístico e cor. As súas propiedades e usos.
- Recoñecer as características dos útiles ou medios de debuxo artístico e cor, seu modo de emprego e mantemento.
- Aplicar os diferentes medios e procedementos sobre os diferentes soportes materiais.
- Identificar a función e os resultados que se derivan do uso correcto dos medios sobre os diferentes soportes.
- Identificar as unidades visuais básicas
- Usar o punto e as liñas para realizar composicións básicas e para realizar debuxos da estrutura esencial dos obxetos.
- Identificar os significados ou valores perceptivos das composicións non obxetuais realizadas mediante puntos e liñas.
- Valorar o uso adecuado das técnicas básicas e da optimización dos medios e materiais que se usen.
- Capacidade de análise das formas. Avaliase a formación visual, a ordenación estrutural e sentido do volume.
- Observación das formas naturais e da súa estrutura, aplicable á construción de obxetos. Valorarase a capacidade de síntese, establecemento de afinidades e a memoria visual.
- Representación fluída, en bocexos ou estudos, de formas sinxelas e complexas. · Valoración do sentido espacial expresado a través das proporcións aparentes, a superposición de elementos e a comprensión dos efectos de perspectiva.
- Descrición de formas mediante definicións lineais e manchas que traduzan o contraste tonal. Valorarase a intención perceptiva que capte a relación forma- espazo.
- Valorarase a comprensión global da forma como consecuencia da estrutura que a orixina, ademais das proporcións e o contorno aparente.
- Utilizar con propiedade a terminoloxía específica correspondente ós diversos contidos da materia. Este criterio está encamiñado a avaliar ós alumnos no coñecemento e o uso adecuado dos termos propios da asignatura, especialmente a comprensión dos seus contidos conceptuais distinguíndose ambigüidades polisémicas e falsos sinónimos.
- Identificar as medidas e a relación parte-todo que encontrase nas obras artísticas, nas formas naturais e nos obxetos de deseño.
- Valorar o uso adecuado das técnicas básicas e da optimización dos medios e materiais que se usen



- Recoñecer índices de profundidade: a superposición e deformación nos exercicios realizados e en diversas obras comentadas
- Usar os gradientes de profundidade para axudar a percibir a profundidade espacial
- Apreciar os valores lumínicos da imaxe e saber distinguir nunha obra a fonte de luz, a súa orientación e os efectos expresivos que produce.
- Coñecementos teóricos para recoñecer os efectos perceptivos e significados que determinan as calidades da luz.
- Identificar os cores primarios, secundarios, terciarios e complementarios e aplicar dun modo práctico gradacións dunha mesma cor.
- Identificar os usos artísticos e culturais da cor
- Valorar a optimización dos medios e materiais que se usen.
- Realización fluída de apuntes con sentido espacial, encadrados desde diversos puntos de vista e técnicas expresivas distintas. Fomentarse unha representación áxil como debe corresponder a unha forma funcional ou natural.
- Capacidade de análise das estruturas (óseas e musculares) humanas. Avaliase a formación visual, a ordenación estrutural e o sentido do volume.
- Observación das forma humana e a súa estrutura. Valorarase a capacidade de síntese, establecemento de afinidades e a memoria visual.
- Apreciación de relacións xeométricas espaciais na conformación das formas humanas. Valorarase a capacidade de abstracción do alumno, así como o seu sentido plástico-estético.

3.1 Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación establecen o tipo e grado de aprendizaxe que se espera alcancen os alumnos respecto ás capacidades indicadas anteriormente nas respectivas competencias da asignatura e a especialidade.

Os criterios que se establecerán serán:

- a) Comprensión de conceptos.
- b) O grado de aportación personal e de investigación desenrolados no traballo.. c) Sensibilidade artística.



- d) Capacidade creativa.
- e) Solucións técnicas de representación gráfica.
- f) Presentación correcta do traballo.

3.2 Procedementos

Os procedementos se concretan nos seguintes obxetivos:

1. O seguimento, a receptividade e a actitude do alumno respecto á asignatura.
2. A capacidade para utilizar o debuxo con fluidez como ferramenta fundamental do proceso proxectual.
3. A capacidade gráfica e creativa demostrada no traballo de investigación persoal, tanto mediante unha linguaxe científica e obxetiva coma mediante unha linguaxe expresiva.
4. O dominio demostrado das representacións espacial, compositiva e cromática.
5. O interese pola experimentación conceptual, espacial, cromática ou técnica, tanto para a resolución de problemas como para a investigación creativa.
6. A calidade estética das solucións propostas.
7. Nivel de desenrolo perceptivo e cognoscitivo da nosa cultura visual.
8. Capacidade mostrada polo alumno de superar prexuízos e conceptos erróneos que lle impidan prantexar adecuadamente a análise e a expresión gráfica.
9. Elección correcta de soportes, técnicas, materiais e instrumentos para a optimización das producións gráficas.
10. Participación na clase a partir de razoamentos argumentados, diferenciando a opinión persoal do xuízo crítico.

3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

A calificación final da asignatura será a suma de:

Un 65% pola parte práctica.

Un 20% pola parte teórica.



Un 10% polo traballo diario na aula.

Un 5% pola actitude e participación.

Os alumnos que superen a asignatura en maio, aprobarán coa media resultante. De non ser así acudirán ó exame final ordinario, na cal deberán realizar probas tanto prácticas como teóricas seleccionadas de entre las realizadas no curso.

Ante unha posible suspensión das clases por un hipotético escenario de pandemia do Covid 19, poderase adaptar os sistemas de avaliación e cualificación seguíndose o seguinte cálculo:

Nota do periodo de docencia presencial x2 + nota do periodo de docencia telemática e dividir entre tres. Se a cualificación é superior á do período de docencia presencial se cualifica con esa nota e si é inferior se deixa a que tiña ata a suspensión do período presencial.

A cualificación final do alumnado contemplará a fase de actividade docente presencial e a fase de actividad docente non presencial. Esta cualificación final non poderá ser inferior a cualificación outorgada na fase de actividade docente presencial.

O aluimno aprobará o módulo cunha nota igual ou superior a 5.

3.4 Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación

O sistema extraordinario de avaliación continua para o alumnado con perda de avaliación continua implica realizar todas as probas teórico- prácticas, xa que coa perda de avaliación continua o alumnado perde únicamente o seu dereito a ser avaliado dentro da avaliación ordinaria continua e segue tendo a obriga de asistir ás clases e de realizar as actividades nas datas sinaladas nas programacións, tendo ademais que realizar unha proba extraordinaria para ser avaliado.

Debido ó carácter práctico e presencial, os traballos a entregar no sistema extraordinario de avaliación con perda de avaliación continua, terán que ser realizados baixo a supervisión do docente nas horas de tutoría establecidas nos días marcados para estas probas e entregados na data indicada, non sendo válido aquel traballo que non cumpra este requisito.

A falta de asistencia o primeiro día de realización das probas finais, salvo causa xustificada documentalmente, implica o abandono das mesmas.

- Proba práctica: 70%- 100%

- Proba teórica: 0%- 30%



O alumnado que asistindo regularmente non consiga no proceso de avaliación continua una nota suficiente para superala asignatura (5), terá a posibilidade de superala mediante a realización dunha proba final ou de segunda oportunidade no mes de xuño.

O alumnado que non se presentase ás probas teóricas ou prácticas ó longo do curso, ou non entregase as probas prácticas nunha porcentaxe superior ó 70% do solicitado, salvo causa xustificada documentalmente, non poderá presentarse á proba final de avaliación ordinaria.

Ante unha posible suspensión das clases por un hipotético escenario de pandemia do Covid 19, poderanse adaptar os sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación

A proba da avaliación ordinaria será non presencial e só entrarános contidos impartidos na ensinanza presencial e estará establecida no calendario da web do centro, sendo establecidas dentro dos días marcados no calendario publicado a principio de curso.

O alumno que realice a proba aprobará o módulo se consegue unha nota igual ou superior a 5 puntos.

A proba da avaliación extraordinaria será non presencial e só entrarán os contidos impartidos na ensinanza presencial e estará establecida no calendario da web do centro, sendo establecidas dentro dos días marcados no calendario publicado a principio de curso.

O alumno que realice a proba aprobará se consegue unha nota igual ou superior a 5 puntos.

3.5 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais

O desenvolvemento da programación e das unidades didácticas xerarán un conxunto de propostas que favorezan a adaptación aos intereses, as capacidades e as motivacións dos alumnos respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución dos obxectivos do curso. Os alumnos/as que teñan algunha discapacidade que poida mermar á súa aprendizaxe dentro do contexto xeral do grupo terán na medida do posible unha consideración espacial favorecendo unha adaptación curricular, un apoio curricular e un apoio especial para facilitar a súa integración e por conseguinte o seu aprendizaxe.

3.5.1 Procedemento para a realización da avaliación inicial

- Durante a primeira semana do curso escolar, o docente realizará a avaliación inicial do alumnado, co obxectivo de identificar as súas dificultades e necesidades de atención educativa.
- Para a realización da avaliación inicial realizarase unha proba de debuxo do natural na que se pedirá ó alumno que reflicte os aspectos fundamentais do modelo que servirá para valorar no nivel en que se encontra o alumno de cara a potenciar aqueles aspectos nos que se encontre menos afianzado.
- Prestarase especial atención ó alumnado con necesiades específicas específicas de apoio educativo.
- Os datos obtidos da avaliación inicial quedarán recollidos no caderno da aula puidendo valorar a evolución do alumno a partir deses datos.

4. Metodoloxía, recursos e actividades complementarias

4.1 Metodoloxía

Partirase dos coñecementos previos que teña o alumnado sobre cada unha das unidades didácticas, explicando desde aí os contidos, proporcionando un material didáctico a través do cal os alumnos e alumnas, guiados polo/a profesor(a), poidan construír a súa propia aprendizaxe, sendo o enfoque eminentemente práctico.

4.1.1 Modalidade presencial



- As Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño teñen carácter presencial: esta é a modalidade prioritaria que se seguirá durante o curso. Para elo, o centro habilitou as aulas para poder manter as distancias individuais recollidas no Protocolo Covid publicado pola Consellaría de Educación conxuntamente coa de Sanidade.
- Debido á casuística específica deste curso, a aula virtual da disciplina estará en funcionamento desde setembro, con información de interese para a disciplina, para facilitar unha hipotética transición á modalidade semipresencial ou incluso non presencial, se a situación sanitaria así o recomendase.

4.1.2 Modalidade semipresencial

- O Protocolo Covid recolle que o/a docente poderá establecer franxas horarias que permitan que o alumnado sen asistir ao centro educativo, poida realizar a formación de forma telemática, até un máximo de 12 créditos ECTS por curso, e simultaneamente até un máximo do 50% dos créditos ECTS cos que conte a disciplina.
- No caso de que as circunstancias sanitarias recomenden o paso á modalidade semipresencial, compatibilizárase a formación presencial coa teleformación, adaptando a metodoloxía aos recursos propios desta modalidade: aula virtual e plataforma Webex.
- Estas modificacións comunicaranse ao alumnado durante as clases presenciais e a través da aula virtual, segundo o momento e casuística do curso.

4.1.3 Modalidade non presencial

- Por motivos excepcionais de índole sanitaria, se fose preciso, adaptaranse as diferentes actividades íntegramente á modalidade telemática, mediante o uso da aula virtual e a plataforma Webex, adaptando a organización dos contidos segundo o recollido no epígrafe 2 da programación.
- Estas modificacións comunicaranse ao alumnado a través da aula virtual, segundo o momento e casuística do curso.



As clases son teórico -prácticas (cinco horas á semana) e proporcionan un fundamento conceptual básico sobre os contidos de Debuxo Artístico. Estes se explicarán oralmente e por medio de material impreso.

Tódolos contidos teóricos levan consigo a realización dun ou varios traballos prácticos coas técnicas e materiais que se recollen na programación.

O profesor verificará mediante diversos procedementos: preguntas abertas, exercicios, cuestionarios, coloquio, etc. O nivel medio de coñecementos do grupo de alumnos na materia a tratar e realizará os axustes oportunos no programa.

O profesor adicará un tempo á presentación organizada dos contidos da mesma. Realizará exposicións para explicar conceptos e aclarar dúbidas. Comprobará a comprensión, mediante recursos didácticos variados. Organizará o traballo autónomo dos estudantes, dando pautas xerais en cuanto a conceptos, procedementos, recomendacións bibliográficas, suxerencias na búsqueda de información, etc.

Una vez proporcionados os contidos conceptuais e haber reflexionado acerca dos procedimentais, o alumno iniciará a actividade práctica. “Aprendendo facendo” é un principio ineludible para o aprendizaxe desta asignatura. Mentres isto ocorre, terá lugar un seguimento por parte do profesor que supervisará o traballo e establecerá un trato individualizado con cada alumno para resolver posibles dúbidas ou problemas.

Ante unha posible suspensión das clases por un hipotético escenario de pandemia do Covid 19, poderáse adaptar a programación didáctica propoñéndosele ó alumnado a realización de exercicios continuando coa programación ou reforzando actividades xa feitas, aquelas cujos contidos puideran necesitar dun maior reforzo ou profundidade de cara a asimilar os que máis lles poidan custar ou sexan de maior dificultade para eles debendo ter en conta a realidade do grupo (nivel, número de alumnos...) adaptando a temporalización a realidade do grupo.

Coa finalidade de contribuir á mellora da organización académica derivada do Covid 19 poderáse deseñar escenarios de semipresencialidade cunha planificación de carácter semanal, quincenal ou mensual dacordo coas circunstancias que se presenten no desenvolvemento do curso.



Bibliografía

Textos básicos:

- GOMEZ MOLINA , J.J. Las lecciones del dibujo. Ed Cátedra, 1999
- GOMEZ MOLINA , J.J. El dibujo. Belleza, razón, orden y artificio. F.C.Mapfre 1992
- ARNHEIM, R. Arte y percepción visual. Alianza Forma. Madrid, 1992.
- LAMBERT , S. El dibujo. Técnica y Utilidad, Una introducción a la percepción del dibujo. Ediciones Hermann Blume. Madrid, 1985.
- MAIER, M. Procesos elementales de proyectación y configuración. Curso básico de la Escuela de Artes Aplicadas de Basilea. Tomo I. Editorial Gustavo Gili. Barcelona, 1982.

Textos recomendados para diseño de produto:

- IZQUIERDO ASENSI, Geometría Descriptiva. Ed Dossat. Madrid
- JONES, CH. Métodos de diseño. Ed. GG, 1982
- KATZ, D. Psicología de la forma. Madrid, 1945.
- MALDONADO, T. Vanguardia y racionalidad. G. Gili, Barcelona, 1977
- MULLER- BROKMANN, Sistemas de retículas. Ed G. Pili. Barcelona, 1982. · MUNARI, B. Cómo nacen los objetos. Ed. GG, 1982
- MUNARI, B. Diseño y comunicación visual. Ed. GG, 1982
- MUNARI, B. Diseño y comunicación. Ed. Gustavo Gili, SA
- WONG, W. Fundamentos del diseño bi y tridimensional. Ed. G. G